



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la posición del MITECO en relación con los puntos de vertido de materiales de dragado en las rías gallegas, concretamente en la ría de Arousa.**

En una iniciativa parlamentaria anterior en el año 1998, el Ministerio de Fomento habilitó un punto para el vertido de materiales de dragado portuario entre las islas de Ons y Sálvora, en la desembocadura sur de la ría de Arousa, dentro de una zona ZEPA, a menos de dos millas de la zona marítima protegida de la isla de Sálvora y a casi cuatro millas de la isla de Ons, muy cerca también de los caladeros autorizados.

Cuando el Ministerio escogió ese punto de vertido, el expediente no se sometió a información pública ni se vio respaldado por informes ambientales de consulta pública. En aquella época, ninguno de los archipiélagos de Arousa estaba protegido, las Islas Atlánticas aún no habían sido declaradas Parque Nacional y el Espacio Marino de las Rías Baixas de Galicia aún no había sido designado Zona de Especial Protección para las Aves.

A pesar de no disponer de informes ambientales y de afectar a zonas de especial protección, desde su habilitación, tanto Puertos del Estado como Puertos de Galicia han utilizado esta zona de vertido para depositar materiales procedentes de sus dragados. Así, durante los últimos años, se depositaron en ese punto millones de metros cúbicos de lodos y otros materiales hasta que, en abril de 2021, el Ministerio para la Transición Ecológica detuvo la autorización de los vertidos.

Por entonces, Puertos de Galicia había anunciado una mesa de trabajo con las cofradías, la organización de productores, otras entidades profesionales y la administración implicada, pero, pasado el tiempo, no se supo nada, manteniendo tanto la Xunta como Puertos de Galicia una falta de transparencia y una total opacidad total.

En una reciente respuesta al BNG, el Gobierno indica que el CEDEX ha elaborado una propuesta de estudio de alternativas donde se concluye que «las zonas estudiadas y analizadas se consideran aptas como zonas de vertido de materiales procedentes de dragados



portuarios de Categoría A o B de acuerdo con la DCMD para todos aquellos puertos cuya distancia (no superior a 20 millas náuticas) permita realizar las operaciones de dragado de forma adecuada desde el punto de vista económico y de gestión portuaria». Es decir, el mismo punto de vertido próximo a la Isla de Sálvora que dejó de autorizar en 2021 y que fue rechazado por el sector marisquero y pesquero de la Ría de Arousa cuando la Xunta pretendía en 2019 utilizarlo como depósito de dragado del río Lérez.

El Gobierno añade que el estudio de alternativas realizado por el CEDEX «es una propuesta en fase de borrador que deberá ser analizada por los distintos organismos y administraciones», recalando que «una vez que el estudio del CEDEX se considere definitivo, las nuevas zonas de vertido deberán ser autorizadas por el Ministerio para la Transición e incluidas en el Plan POEM».

Precisamente en una nota difundida el 10 de abril, la Xunta señala que ha recibido los informes del CEDEX y que «Portos de Galiza los remitirá de inmediato al Ministerio para la Transición para que este autorice el punto de depósito para las tareas de dragado del Lérez en el ejercicio de su competencia». El informe final mantiene el punto E8 situado en el entorno de la isla de Sálvora como «alternativa prioritaria» para los vertidos tanto de la Ría de Arousa como de la Ría de Pontevedra. Se especifica que en el caso de los vertidos del Lérez, los residuos podrán ser trasladados al punto D situado al sur de Arousa. Este era el punto para los vertidos procedentes de la Ría de Vigo. La novedad es que en este informe definitivo se indica que los vertidos del Lérez podrán ser transferidos tanto al punto E8 como al D.

El MITECO tiene la competencia para autorizar la ubicación definitiva en uno u otro lugar. Portos de Galiza ha anunciado que va a remitir ya el informe técnico al MITECO con la intención de que informe favorablemente sobre el punto de vertido para iniciar la tramitación ambiental y la licitación de las obras de dragado del Lérez, así como de los 16 «paralizados al sur de la ría de Muros».

Si bien es necesario avanzar con los dragados pendientes, esto no puede implicar que el entorno de Sálvora y la ría de Arousa se vean perjudicados por los restos extraídos. El BNG considera que no es posible aceptar una alternativa que tendrá un impacto muy negativo en esa zona; es necesario defender una opción sostenible y respetuosa con el medioambiente, en línea con lo aprobado en el Parlamento gallego en 2019. Consideramos que una opción sería tratar los vertidos en tierra firme para no afectar a los ecosistemas de los estuarios y, especialmente, a la zona de la Isla de Sálvora.



**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Cuál es la posición del MITECO en relación con el estudio de alternativas realizado por el CEDEX (dependiente del Ministerio de Transportes) sobre las zonas de vertido de materiales procedentes del dragado y que señala como prioritarias distintas áreas de la Ría de Arousa?
2. ¿Qué opina de que el informe de alternativas se decante por el punto de vertido E8 cerca de la Isla de Sálvora que el propio Ministerio dejara de autorizar en 2021 y que cuenta con la oposición del sector pesquero y marisquero de la Ría Arousa cuando la Xunta pretendía utilizarlo como depósito de dragado del río Lérez por los importantes impactos negativos que estos depósitos podrían tener sobre el medio y los recursos pesqueros?
3. ¿Comparte que este punto tendrá un impacto en el ecosistema de la Ría y que debería descartarse?
4. ¿Autorizará el MITECO las zonas de vertido propuestas? No considera que se debería contar con informes de impacto ambiental antes de proceder a autorizar los vertidos en estos puntos?
5. ¿Autorizará el punto de depósito para las obras de dragado del río Lérez tal y como le exige la Xunta? ¿O informará desfavorablemente sobre la solicitud dado el enorme impacto ambiental de esas opciones?
6. ¿Cuál es su posición en relación con la novedad del informe del CEDEX que recoge como opción que los vertidos del río Lérez podrán trasladarse tanto al punto E8, en las proximidades de Sálvora, como al D situado al sur de Arousa y que era el punto de vertidos procedentes de la Ría de Vigo?
7. ¿Significa esto que es necesario garantizar la máxima protección del espacio y del entorno de la Isla de Sálvora incluida en el Parque de las Islas Atlánticas?
8. ¿No considera que se debería aplicar el principio de precaución en relación con la Ría de Arousa y protegerla de cualquier impacto negativo, teniendo en cuenta la delicada situación que atraviesan las Rías Gallegas de regresión en su productividad?
9. ¿No cree que sería más adecuado considerar otras fórmulas como el tratamiento de los vertidos en tierra firme u opciones más sostenibles y respetuosas con el medioambiente en línea con lo aprobado en el Parlamento gallego en 2019?
10. ¿Ha realizado algún estudio sobre esta posibilidad y qué alternativas se podrían utilizar?
11. ¿El Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico priorizará la protección ambiental y de los ecosistemas de la Isla de Sálvora y de la Ría de Arousa



CONGRESO DE  
LOS DIPUTADOS



y denegará la autorización del depósito de lodos de dragado desde este punto?

Madrid, a 11 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

11 ABR. 2025 15:47:18

Entrada **65070**

## Sobre o depósito de dragados no entorno da Illa de Sálvora

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á posición do MITECO en relación ao aos puntos de vertidos de dragados nas rías galegas, concretamente na Ría de Arousa.**

Nunha anterior iniciativa parlamentar lembrabamos que no ano 1998, o Ministerio de Fomento habilitou un punto de vertido para os materiais de dragado de portos entre as illas de Ons e Sálvora, na boca sur da ría de Arousa, dentro dunha zona ZEPA, a menos de dúas millas da zona marítima protexida da Illa de Sálvora e a case catro millas da Illa de Ons, moi próxima tamén aos caladoiros de pesca autorizados.

Cando o Ministerio elixiu ese punto de vertido, o expediente non foi sometido a exposición pública nin foi avalado por informes ambientais ou de consulta pública. Naquela altura, ningún dos arquipélagos da Arousa estaba protexido, aínda non foran declaradas Parque Nacional as Illas Atlánticas nin tampouco se designara o Espazo Mariño das Rías Baixas da Galiza como Zona Especial de Protección de Aves.

A pesar de non contar con informes ambientais e de afectar a zonas de especial protección, desde que se habilitou esta área de vertido, foi utilizada tanto por Portos do Estado como por Portos da Galiza para depositar materiais dos seus dragados. Así, nos últimos anos, millóns de metros cúbicos de lodos e outros

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

11 ABR. 2025 15:47:18

Entrada **65070**



materiais foron depositadas nese punto até que, en abril de 2021, o Ministerio de Transición Ecolóxica deixou de autorizar os vertidos.

Daquela Portos de Galiza anunciara unha mesa de traballo coas confrarías, as organización de produtores, outras entidades profesionais e as administración implicadas, mais, pasado o tempo nada se soubo, mantendo tanto a Xunta como Portos de Galiza pola falta de transparencia e unha total opacidade.

Nunha resposta recente ao BNG, o Goberno indica que o CEDEX redactou unha proposta de estudo de alternativas onde se conclúe que “as zonas estudadas e analizadas son consideradas aptas como zonas de vertidos dos materiais procedentes de dragado portuarios de Categoría A ou B de acordo coas DCMD para todos aqueles portos cuxa distancia (non máis de 20 millas náuticas) permita realizar adecuadamente as operacións de dragado desde un punto de vista económico e de xestión portuaria”. É dicir, o mesmo punto de vertido próximo á Illa de Sálvora que deixou de autorizar en 2021 e que fora rexeitado polo sector marisqueiro e pesqueiro da Ría de Arousa cando a Xunta pretendía en 2019 utilizalo como depósito de dragado do río Lérez.

O Goberno engade que o estudo de alternativas feito polo CEDEX “é unha proposta en fase de borrador que deberá ser analizada polos distintos organismos e administracións”, subliñando que “unha vez que o estudo do CEDEX se considere definitivo, as novas zonas de vertido deberán ser autorizadas polo Ministerio de Transición e incluídas no Plan POEM”.

Xustamente nunha nota difundida o 10 de abril, a Xunta sinala que recibiu os informes do CEDEX e que “Portos de Galiza vaino remitir de inmediato ao Ministerio de Transición para que autorice o punto de depósito para as obras de dragado do Lérez en exercicio da súa competencia”. O informe definitivo mantén o punto E8 situado no entorno da illa de Sálvora como “alternativa prioritaria” para os vertidos que saian tanto da Ría de Arousa como da de Pontevedra. Especifica que no caso dos vertidos do Lérez, os residuos poderán trasladarse ao punto D situado ao sur de Arousa. Este era o punto para os vertidos procedentes da Ría de Vigo. A novidade é que neste informe definitivo,



indícase que os vertidos do Lérez poderán trasladarse tanto ao punto E8 como ao D.

O MITECO ten a competencia para autorizar a ubicación definitiva nun punto ou noutro. Portos de Galiza anunciou que vai remitir xa o informe técnico ao MITECO coa intención de que informe favorabelmente do punto de vertido para comezar coa tramitación ambiental e a licitación das obras de dragado do Lérez, así como dos 16 “paralizados ao sur da ría de Muros”.

Aínda que é preciso avanzar nos dragados pendentes, isto non pode implicar que se prexudique cos restos extraídos o entorno de Sálvora e a ría de Arousa. O BNG considera que non é posíbel aceptar unha alternativa que terá un impacto moi negativo nesa zona, é necesario defender unha opción sustentábel e respectuosa co medio, na liña do aprobado no Parlamento galego en 2019. Consideramos que unha opción sería tratar os vertidos en terra firme para non afectar aos ecosistemas das rías e, especialmente, ao espazo da Illa de Sálvora.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:**

1. Cal é a posición do MITECO en relación ao estudo de alternativas feito polo CEDEX (dependente do Ministerio de Transportes) sobre as zonas de vertidos dos materiais procedentes dos dragados e que designa como prioritarias distintas áreas da Ría de Arousa?
2. Que opina de que no informe de alternativas se opte polo punto de vertido E8 próximo á Illa de Sálvora e que o propio Ministerio deixara de autorizar en 2021 e que conta coa oposición por parte do sector pesqueiro e marisqueiro da Ría Arousa cando a Xunta pretendía utilizalo como depósito de dragado do río Lérez polos grandes impactos negativos que estes depósitos poden ter no medio e nos recursos pesqueiros?



3. Comparte que este punto terá un impacto no ecosistema da Ría e que debería desbotarse?
4. Autorizará o MITECO as zonas de vertido propostas? Non considera que se debería contar con informes de impacto ambiental antes de proceder a autorizar os vertidos nestes puntos?
5. Vai autorizar o punto de depósito para as obras de dragado do río Lérez como lle demanda a Xunta? Ou ben informará desfavorabelmente a solicitude dado o enorme impacto ambiental desa opcións?
6. Cal é a súa posición en relación á novidade do informe do CEDEX que recolle como opción que os vertidos do río Lérez poderán trasladarse tanto ao punto E8, na contorno de Sálvora, como ao D situado no sur de Arousa e que era o punto para os vertidos procedentes da Ría de Vigo?
7. Comporte que é preciso garantir a máxima protección ao espazo e entorno da Illa de Sálvora incluída no Parque das Illas Atlánticas?
8. Non considera que se debería aplicar o principio de precaución en relación á Ría de Arousa e protexela de calquera afectación negativa, tendo en conta a delicada situación pola que atravesan as Rías galegas de regresión na súa produtividade?
9. Non cre que sería máis adecuado barallar outras fórmulas como o tratamento dos vertidos en terra firme ou opcións máis sustentábeis e respectuosas co medio na liña co aprobado no Parlamento galego en 2019?
10. Ten realizado algún estudo sobre esta posibilidade e que alternativas poderían utilizarse?
11. Priorizará o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a protección ambiental e dos ecosistemas da Illa de Sálvora e da Ría de



Arousa e denegará a autorizará o depósito dos lodos dos dragados deste punto?

Madrid, a 11 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**